



Expte.: 13.019-224

Asunto: valoración da oferta presentada no procedemento de contratación de servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”

INFORME DA PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: PROXECTO TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DO SERVIZO

Emítase o seguinte informe coa valoración da oferta presentada para a contratación da xestión do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”. Expediente: 13.019-224

Procedemento de contratación: aberto

Tramitación: ordinaria

I.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión do 29 de agosto de 2024, procedeu á apertura do Sobre A: Documentación persoal.

A Mesa comproba a documentación persoal e acorda admitir no procedemento á seguinte licitadora, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas:

- o Norformación SL, con CIF: B36343218

A continuación, a Mesa procede á descifrar os documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e acorda conceder un prazo de 3 días a NORFORMACIÓN, S.L. para que poida emendar o Sobre B mediante escrito asinado por representante con poder de representación no que subscriba a oferta presentada, dado que a oferta non consta asinada polo representante da licitadora. A mesa acorda, a continuación, solicitar informe sobre a documentación contida no sobre B ao servizo xestor unha vez presentada a emenda requirida.

En data 30 de agosto de 2024, NORFORMACIÓN, SL presentou polo Rexistro Xeral deste Concello o escrito requirido e a continuación o Servizo de Contratación remite a documentación do sobre B ao Servizo de Igualdade para que este órgano xestor proceda á valoración da única proposta presentada e admitida.

II.- O apartado 7.A) das FEC (Follas de características do contrato) do PCAP (Prego de cláusulas administrativas) aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 09.08.2024, establece os seguintes criterios que serán avaliados mediante xuízo de valor:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: valoraranse con ata 49 puntos

1.- Proxecto técnico de actividades: valorarase con ata 49 puntos

As licitadoras deberán achegar un proxecto técnico de actividades, no que expoña unha programación de actividades desde a perspectiva de xénero a desenvolver nos centros educativos da cidade durante os meses de outubro a decembro.

Esta programación deberá incluír os seguintes contidos:

- 1. Denominación da proposta de lema*
- 2. Obxectivos xerais e específicos a acadar*
- 3. Xustificación das accións propostas en base ao coñecemento das características, necesidades e realidade da poboación nova e a prevención da violencia de xénero*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/09/2024 13:27	Páxina 1 de 5
13019-224	CSV: A7A15B-49CF3D-EDBAA2-ZDKPAC-NXEJB8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



4. Programación conforme coas condicións establecidas na cláusula 2.e) do PPTP, que deberá incluír as seguintes propostas:
- Unha proposta de deseño dun obradoiro formativo:
 - dirixido ao alumnado de 4º da ESO
 - de 1 hora de duración
 - con indicación de: título, obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos didácticos, indicadores de seguimento e avaliación.
 - Unha proposta de 1 actividade de dinamización.
 - Unha proposta de 2 produtos finais que amosen o traballo colectivo realizado polo alumnado e que poñan en valor o programa municipal.
 - Unha proposta de organización de acto central que reúna as seguintes características:
 - Dirixido a 1.500 alumnas e alumnos de 3º e 4º da ESO
 - Nun lugar cuberto con gradas e salas multiusos
 - Cunha duración de entre 3 e 4 horas
 - Con indicación das actividades con perspectiva de xénero que se desenvolverán neste acto, de tipo formativo, lúdico e reivindicativo, do material e equipamento do que se disporá e o persoal que se encargará do acompañamento ás participantes e a dinamización do acto
5. Indicadores de seguimento e avaliación.
6. Proposta de elementos de difusión e comunicación que se empregarán.

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

- Xustificación das accións propostas en base ao coñecemento da realidade e características da mocidade e das necesidades dos centros: valorarase con ata 5 puntos
- Coherencia interna, adecuación dos contidos á finalidade do programa e metodoloxía: valorarase con ata 24 puntos
Esta puntuación distribuirase nos seguintes subapartados:
 - Da proposta de actividades formativas, de dinamización e visibilización: valorarase con ata 14 puntos
 - Da proposta de acto central: valorarase con ata 10 puntos
- Recursos didácticos, materiais e coordinación: valorarase con ata 5 puntos
- Integración da perspectiva de xénero en todas as fases do proxecto: valorarase con ata 10 puntos
- Plan de calidade, sistema de avaliación e indicadores de satisfacción: valorarase con ata 5 puntos

Para os efectos de valoración deste criterio:

- Non será considerada para os efectos de valoración a mera transcripción literal ou quasi literal simple ou mimética das esixencias reflectidas nos pregos de prescricións técnicas ou de cláusulas administrativas, nin as formulacións que contradigan os pregos, ou resulten incoherentes con eles, e, en todo caso, a entidade adjudicataria quedará obrigada igualmente ao cumprimento íntegro dos pregos.
- De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (24,5 puntos mínimos), respecto á máxima posible (49 puntos), no criterio "proxecto técnico de actividades", de tal xeito que unha puntuación inferior ao 50% resultará excluínte da licitación.



**III.- VALORACIÓN DA PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:**

PROXECTO TÉCNICO DE ACTIVIDADES. Valorarase con ata **49 puntos**. A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

CRITERIO A:

Xustificación das accións propostas en base ao coñecemento da realidade e características da mocidade e das necesidades dos centros: valorarase con ata 5 puntos

A licitadora presenta un proxecto no que se contextualiza a violencia de xénero, e fai referencia a bibliografía e informes actuais para reflectir unha serie de datos sobre a incidencia da violencia de xénero na xuventude, e a percepción desta sobre esta realidade (páx. 2, 3, 6 e 7).

Bótase en falta a mención ás características propias das relacións na adolescencia e como repercute isto nas distintas manifestacións da violencia de xénero nesta etapa vital. A licitadora, na páx 2 do proxecto, expón o que define como causas da violencia de xénero en adolescentes. A xuízo deste servizo, se ben indican a *reproducción de modelos patriarcais tradicionais e factores culturais*, directamente relacionados co reprodución da violencia de xénero, indican tamén outros factores que estarían relacionados coa violencia escolar en xeral mais non son factores específicos da violencia de xénero.

Con respecto á xustificación das necesidades dos centros, a licitadora fai referencia a necesidades detectadas nestes (páx 6), que xustificarían as accións descritas.

Polo exposto, puntúase o criterio A con 3 puntos.

CRITERIO B:

Coherencia interna, adecuación dos contidos á finalidade do programa e metodoloxía: valorarase con ata 24 puntos, repartidos nos seguintes subapartados: b.1) Da proposta de actividades formativas, de dinamización e visibilización: valorarase con ata 14 puntos. b.2) Da proposta de acto central: valorarase con ata 10 puntos.

A proposta de programación presenta coherencia interna. A licitadora fai unha proposta de lema adecuada pero bótase en falta unha breve referencia á forma en que este lema vai vertebrar as actividades. Realiza unha calendarización das accións do programa adecuada e realista.

b.1) Con respecto á proposta de actividades formativas, de dinamización e visibilización (máx. 14 puntos):

Propón a realización de unha actividade de formación dirixida ao alumnado, outra dirixida ao profesorado e outra ás ANPAS. Estas propostas de actividades de formación (páx. 8, 13 e 16) presentan unha metodoloxía participativa e unha proposta de recursos didácticos que se consideran adecuados.

Non obstante, nestas actividades formativas bótase en falta unha maior concreción dos contidos temáticos que se traballarán así como unha mellor definición dos seus obxectivos específicos, pois están formulados dunha forma xenérica.

Presenta unha actividade de dinamización (páx. 21) que se axusta aos obxectivos deste programa. Bótase en falta a concreción dos medios e a calendarización para levala a cabo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/09/2024 13:27	Páxina 3 de 5
13019-224	CSV: A7A15B-49CF3D-EDBAA2-ZDKPAC-NXEJB8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Finalmente, indica 2 produtos concretos que plasmarían o traballo realizado (páx. 26). Estes 2 produtos valóranse adecuados tanto para visibilizar ante a sociedade este traballo de reflexión, como para empregar nas aulas como material de sensibilización e prevención durante o resto do ano. Bótase en fata a concreción de medios e materiais necesarios.

Polo exposto, o apartado **b.1 puntúase con 8 puntos**.

b.1) Con respecto á proposta de acto central (máx. 10 puntos):

O proxecto presentado propón unha serie de actividades que en xeral son coherentes coa finalidade do programa, combinando actividades informativas, reivindicativas, lúdicas, e participativas (pax. 27). Porén, propónse unha actividade grupal (páx. 28), que se ben pode ser adecuada nun contexto de aula ou de pequeno grupo, resultaría difícil de implementar nun acto multitudinario con múltiples actividades.

Bótase en falta unha mellor concreción da forma en que se levarán a cabo as actividades, e a súa conexións co lema elixido. Non realizan unha temporalización de cada actividade, nin realizan unha previsión dos espazos que serán necesarios.

Polo exposto, o apartado **b.2 puntúase con 5 puntos**.

Polo exposto, puntúase o criterio B con 13 puntos.

CRITERIO C:

Recursos didácticos, materiais e coordinación: valorarase con ata 5 puntos

Os recursos didácticos e materiais propostos indícanse en cada actividade, e considéranse adecuados para o programa. Bótase en falta, non obstante, referencia a material bibliográfico nas actividades formativas. Sinalan, ademais, algún recurso dirixido á formación do profesorado relacionado de forma indirecta coa finalidade do programa, pois estaría enfocado ao manexo de situacións conflitivas na aula (páx. 14), e por outra banda bótase en falta unha mención a fontes bibliográficas ou de recursos didácticos na aula dirixidos a previr a violencia de xénero entre o alumnado.

A licitadora detalla todas as accións precisas para levar a cabo a coordinación tanto co Concello, como cos centros para a participación en cada unha das actividades, como a necesaria coordinación coas principais provedoras ou entidades participantes (empresa de transporte, lugar de realización cdo acto central, protección civil e/ou Policía Local, etc.).

Polo exposto, puntúase o criterio C con 4 puntos.

CRITERIO D:

Integración da perspectiva de xénero en todas as fases do proxecto: valorarase con ata 10 puntos

A linguaxe empregada en toda a redacción do documento é inclusiva e non sexista, e a licitadora realiza unha adecuada definición de conceptos, facendo referencia á lexislación e a informes actualizados (pax. 2). Todas as actividades previstas están dirixidas a eliminar as violencias e a maioría dos recursos didácticos inclúen unha perspectiva de xénero.

Non obstante, non propón unha recollida de datos desagregada por sexos e bótase en falta unha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/09/2024 13:27	Páxina 4 de 5
13019-224	CSV: A7A15B-49CF3D-EDBAA2-ZDKPAC-NXEJB8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



maior concreción dos contidos relacionados directamente coa eliminación das desigualdades ente mulleres e homes e os estereotipos xénero tanto nos obradoiros como na actividades propostas.

Polo exposto, puntúase o criterio D con 6 puntos.

CRITERIO E:

Plan de calidade, sistema de avaliación e indicadores de satisfacción: valorarase con ata 5 puntos

A licitadora presenta un sistema de avaliación tanto da implementación do programa como de avaliación do impacto das actividades, a través dunha serie de indicadores de tipo cuantitativo e cualitativo e propón avaliar a satisfacción co programa, así como os valores mínimos desexados.

Para realizar un bo seguimento da execución do programa a licitadora propón unha serie de instrumentos e fichas para a recollida de datos. Ademais, a súa proposta incorpora modelos de enquisas que recollen a opinión do alumnado, profesorado e/ou centros participantes.

Polo exposto, puntúase o criterio E con 5 puntos.

IV.- CADRO RESUMO COAS PUNTUACIÓNS

LICITADORA	CRITERIOS					TOTAL
	A	B	C	D	E	
NORFORMACIÓN SL	3	13	4	6	5	31

V.- A licitadora NORFORMACIÓN SL obtén unha puntuación global superior ao 50% da puntuación máxima (24,5 puntos), polo que non se exclúe nesta fase do proceso, conforme co apartado 7A das FEC.

VI.- Segundo a puntuación sinalada no anterior cadro resumo, obtense a seguinte orde de puntuación de maior a menor:

LICITADORA	PUNTUACIÓN
NORFORMACIÓN SL	31

Vigo, na data de sinatura dixital

A axente de igualdade de oportunidades; Mar Soto García

A xefa do Servizo de Igualdade; Cristina Gómez García

